



## Ven con nós ao Día da Patria ! Rescata os teus dereitos !

Manifestación ás 12 h. na alameda de Santiago



Páx 2-3

**COMARCA:** O dereito e a necesidade de soberanía

Páx 4

**PARLAMENTO:** Museo de Pontevedra

Páx 5

**PONTEVEDRA:** O anteprojecto de Lei de Modificación da Lei de Costas privatiza o dominio público e perpetúa a permanencia de ENCE-ELNOSA en Lourizán

Páx 6

**PONTEVEDRA:** O Alcalde reclama que Xunta e Fenosa completen o soterramento da liña de Monte Porreiro

Páx 7

**POIO:** O BNG urxe a Portos de Galiza o dragado de Campelo e a dotación dun pantalán

Páx 8

**SOUTOMAIOR:** O BNG esixe a redacción dun PXOM

Páx 9

**COTABADE:** O BNG califica o primeiro ano do PP no Concello como un ano perdido

Páx 10

**PONTEVEDRA:** Actividade festiva

Páx 11

**POIO:** Festa da Ameixa de Campelo  
**FESTIGAL:** Programación dos concertos

Martes 24 ás 17:30 h. no Panteón de Galegos Ilustres

## Homenaxe a Rosalía e a Castelao

Galiza Nova celebrará, un ano máis, a Homenaxe a Rosalía e Castelao este 24 de xullo ás **17:30h no Panteón de Galegos Ilustres.**

Nesta edición participarán a cantante Najla Shami, o ciclista Ezequiel Mosquera Míguez, a xornalista Tereixa Navaza, o actor e director de dobraxe Luis Iglesia Besteiro, o portavoz do BNG no Congreso dos Deputados Francisco Jorquera Caselas, a actriz Iria Fernández Sobrado, a xornalista Carme Vidal Laxe, a Secretaria Xeral de Galiza Nova Iria Aboi Ferradás e os gaiteiros Pablo Carpintero e Iván Area Carracedo.

# O dereito e a necesidade de soberanía

Desde maio de 2010 os gobernos do Estado Español, o mesmo os do PSOE que os do PP, veñen aplicando unha serie de reformas legais e medidas económicas impostas pola Unión Europea que só conducen a un punto de destino: o empobrecemento da inmensa maioría da poboación que está conformada polas traballadoras e os traballadores, polos pequenos e medianos empresarios, polo funcionariado, polas paradas e os parados, polos pensionistas e por un longo etcétera.

Ben podíamos facer aquí un repaso unha por unha por todas as medidas que o goberno de Mariano Rajoy acaba de levar ao Parlamento español e que foron aprobadas polo Partido Popular con grande rebumbio de aplausos, risadas e mesmo insultos á clase traballadora. Mais iso xa o fixeron tanto o BNG como a CIG e agora cómpre que as árbores nos permitan ver o bosque:

As medidas que acaba de aprobar Rajoy, as incluídas na anterior Reforma Laboral, os retallamentos do Goberno de Zapatero e todas e cada unha das "reformas" impostas desde maio de 2010, conducen a esmagar as condicións de vida da inmensa maioría (maior facilidade no despedimento, máis impostos indirectos absolutamente inxustos, rebaixas salariais, menos dereitos sociais, retallamentos nos servizos que prestan as administracións) mentres se melloran as condicións da clase social máis favorecida (amnistía fiscal, nen tocarlles os impostos, rebaixa nas cotizacións).

En esencia pois, elas son a estratexia, imposta pola Unión Europea, para conseguir un reparto máis inxusto da riqueza.



Neste sentido, o decreto que aprobou o consello de ministros o pasado venres 13 de xullo supón un afondamento nesta liña de acción: queren que non se poida dar volta atrás en moitos anos e vai traer moito máis sufrimento e perda de dereitos para, como dicíamos, traballadoras, pensionistas, pequenos empresarios . . .

Para a Unión Europea, para Ánxela Merkel, para o PP e o PSOE solucionar a crise é rescatar a grande banca, roubar ao pobo e asoballar a nación galega.

## As medidas da Unión Europea na Galiza e en Pontevedra

As políticas impostas pola Unión Europea resultan especialmente graves na Galiza.

Desde a Reconversión Industrial dos anos 80 do pasado século o noso país vén sufrindo un ataque detrás doutro até que a día de hoxe foron agredidos todos os nosos sectores produtivos.



Galiza ten as pensión máis baixas do estado, uns niveis de paro brutais, soldos por debaixo da media e grandes grupos sociais en grave risco de exclusión.

E, sobre todo, volvemos padecer a terrible sangría da emigración provocada por unhas políticas económicas e sociais que botan aos traballadores e traballadoras, incluíndo o mellor da nosa mocidade, fóra do país.

Pontevedra non é unha excepción. E o noso caso vaise ver agravado polo último decreto de Rajoy, que atenta moi directamente contra os traballadores das administracións públicas, o primeiro sector económico da nosa cidade, e contra o pequeno comercio local.

Lembremos que só a perda da paga extra de decembro, pode supor unha merma de ingresos de, como mínimo, 10.000.000€ na cidade.

### **Saírmos da crise: unha resposta de país**

As propostas da troica (Unión Europea, Fondo Monetario Internacional e Banco Central Europeo) que aplican o PP e o PSOE van centralizar o poder político e o económico nas mans das elites financeiras de xeito que se reduce a

capacidade de Galiza de se valer por si propia. E nisto contan coa complicidade de Feijoo e de todo os seu goberno.

Saírmos da crise esixe de todas e todos nós unha resposta como nación, unha acción colectiva que defenda os dereitos do pobo traballador.

Os galegos e as galegas precisamos planificar a nosa propia saída da crise en funcións das nosas necesidades; temos que decidir nós sobre os nosos recursos; cómprenos desenvolver as nosas potencialidades.

En definitiva, precisamos exercer a soberanía que temos negada e que nos corresponde como nación.

A mobilización social vai ser fundamental para logramos os nosos obxectivos. As manifestacións masivas celebradas ao longo de todo o país o 19 de xullo marcan a folga de ruta.

Porque en Bloque podemos, participa na manifestación do Día da Patria Galega que sairá ás 12 h. da alameda de Santiago de Compostela. Faille fronte ás políticas da UE e aos recortes salvaxes do PP. Rescata os teus dereitos. Reclama a soberanía necesaria para saírmos da crise!



## O BNG leva ao Parlamento a desfeita do Museo de Pontevedra

A disolución do Organismo Autónomo Museo Provincial de Pontevedra non pode ser explicada simplemente como unha medida de reorganización da estrutura administrativa da Deputación Provincial, xa que estamos a falar dunha institución cultural fundada en 1927 como continuación da Sociedad Arqueológica de Pontevedra, fundada en 1894. Ao longo da súa historia, o Museo de Pontevedra contou sempre con personalidade xurídica propia e autonomía funcional, e rexíuse polos correspondentes órganos de goberno xunto con un patronato primeiro e un consello asesor a partir de 2005.

Estes cambios estruturais veñen acompañados por decisións políticas arbitrarias e, nalgúns casos, contrarias á lexislación vixente en materia de patrimonio cultural e de museos: peche da biblioteca do Museo, traslado de fondos, destrución de coleccións de xornais, cambio no proxecto expositivo ubicando un restaurante na sala que inicialmente estaba destinada a acoller os miliarios e os monumentos megalíticos, pretensión de decorar as rotondas con miliarios romanos, etc.

Todas estas decisións explícanse pola concepción do poder o xefe provincial do PP, o señor Louzán, que administra a Deputación como unha propiedade persoal e coloca nela como noutros departamentos unha camarilla de subordinados (coñecida como a Gestapo polo persoal do Museo) que, ademais de actuar con submisión ao seu xefe, pretenden desmantelar unha institución histórica de Galiza na que está depositado, entre outros moitos bens de enorme relevancia, grande parte do legado de Castelao.



E, en definitiva, esta desfeita do Museo non sería posíbel sen a submisión, o servilismo e a complixidade da dirección do PP local e do grupo municipal popular, que están as ordes de Louzán e en contra dos intereses de Pontevedra e da cultura galega.

Ante a gravidade dos feitos, o Alcalde de Pontevedra e os grupos provincial e municipal do BNG veñen denunciando públicamente este atentando contra a historia, o patrimonio e a identidade cultural pontevedresa e galega. Unha actitude compartida por grande parte da sociedade e do mundo cultural de Pontevedra, como se puido comprobar no acto público do pasado 12 de xullo.

Neste momentos está aberta unha campaña para a recollida de alegacións que serán presentadas na Deputación antes do 3 de agosto. O pleno do Concello do luns día 23 de xullo vaise posicionar sobre este tema a pedimento da Alcaldía e o BNG tamén presentou unha proposición e unha serie de preguntas parlamentarias para que o PP de Galicia e a Consellaría de Educación e Cultura digan se comparten a disolución do organismo autónomo do Museo de Pontevedra e a desfeita que está a levar a cabo o louzanismo.

## O Anteproxecto de Lei de Modificación da Lei Costas privatiza o dominio público e perpetúa a permanencia de ENCE-ELNOSA en Lourizán

O anteproxecto de Lei de Modificación da Lei de Costas que está a elaborar o Goberno do Estado ten un carácter privatizador do dominio público marítimo terrestre e perpetúa a permanencia de Ence e Elnosa na súa actual ubicación.

Este anteproxecto de Lei é unha enmenda á totalidade da protección do dominio público marítimo terrestre da Lei de Costas, xa que:

- **Abre as portas a privatizar terreos que agora son de dominio público.** A modificación da definición de dominio público marítimo terrestre nun senso moito máis desfavorábel para os intereses públicos, abre a posibilidade de retirar do dominio público amplas zonas que actualmente teñen esa categoría.
- No caso dos recheos ou paseos marítimos, **perderase para o dominio público todas as partes ás que xa non chegue o mar.**
- Múdase o principio da actual lei de Costas de que en 2018 teñen que abandonar, como norma xeral, o dominio público marítimo terrestre todas as construcións e actividades, agás excepcións mínimas e taxadas. Co actual Anteproxecto **todas as concesións poderán permanecer durante 75 anos máis, até 2093, agás algunha que outra excepción.**
- No caso de Pontevedra **permitirá que o complexo ENCE-ELNOSA permaneza indefinidamente na súa actual ubicación nas marismas de Lourizán, en contra da opinión municipal e da maioría social.**

Unha modificación como a que se pretende facer, cunha desprotección brutal do litoral só se explica pola presión das industrias beneficiarias do dominio público marítimo terrestre e, no caso de Pontevedra, do interese de Ence en quedarse aí.

O Concello de Pontevedra debaterá no Pleno do vindeiro luns, día 23 unha moción para amosar o firme rexeitamento do Concello ao contido do Anteproxecto de Lei de Modificación da Lei de Costas.



**Ence e Elnosa  
precisarían  
unicamente dunha  
autorización  
ambiental moito máis  
suave que a actual  
para perpetuarse na  
súa ubicación**

## O Alcalde reclama que Xunta e FENOSA completen o soterramento da liña de Monte Porreiro

O Alcalde de Pontevedra reclamoulle á Consellaría de Industria e a FENOSA que cumpraan a súa parte e completen o soterramento da liña de alta tensión de Monte Porreiro. Até agora, só se realizaron as obras contratadas polo Concello por valor de máis de 500.000 euros e falta que Xunta e Fenosa acometan a baixada dos cables que son os últimos traballos que faltan, segundo o convenio asinado en 2007.

En 2007 o Concello de Pontevedra, a Xunta de Galicia e Fenosa asinaron un convenio para o investimento de 1,7 millóns de euros para o soterramento da liña de alta tensión do barrio. Daquel convenio, a única institución que cumpriu coa súa parte foi o Concello de Pontevedra, que invistiu nas obras 506.000 euros nas obras de canalización e nas torretas ubicadas na rúa Portugal e na rúa Reino Unido. A Xunta e FENOSA, que tiñan que realizar obras valoradas en 1,1 millóns de euros, aínda non puxeron nin 1 só euro.

Cabe lembrar que o 13 de marzo de 2011, a Xunta e Fenosa nun acto celebrado no barrio de Monte Porreiro asinaron un protocolo para rematar os traballos pendentes por valor de 1.1 millóns de euros. Naquel acto anunciaron que as obras estarían rematadas nos primeiros meses de 2012.

Ante o incumprimento do acordado, a Xunta pretendía que neste ano 2012 o Concello se presentase a unha convocatoria de axudas para financiar a parte que lle correspondía á Consellaría de Industria. Ademais de pretender unha ilegalidade, xa que as obras que faltan están valoradas en 1,1 millóns de euros (dos que FENOSA poría o 70%), o Concello non ten tempo material para contratar e executar as obras. E sobre todo, non lle corresponde facelo porque xa cumpriu a súa parte.

A solución é ben fácil: a Xunta ten que poñer aproximadamente 400.000 euros para rematar a obra. Que busquen unha solución xa para non deixar enterrados máis de medio millón de euros do diñeiro público xa investidos polo Concello. E que cumbran cos veciños e veciñas de Monte Porreiro que non merecen este trato por parte da Xunta do PP.

O Concello xa  
investiu máis de  
500.000 euros  
na obra

A Xunta e  
Fenosa non  
investiron nin  
un só euro dos  
1,1 millóns que  
lle corresponden

## O BNG urxe a Portos de Galiza o dragado de Campelo e a dotación dun pantalán

O deputado do BNG Bieito Lobeira emprazou ao presidente de Portos de Galicia, Juan Durán Hermida, a que contraste a realidade e dote ao porto de Campelo, en Poio, dun pantalán e das tan necesarias actuacións de dragaxe.

Bieito Lobeira, durante o debate na Comisión de Pesca do Parlamento dunha iniciativa sobre os problemas do dito porto, lamentou o grao de descoñecemento do presidente de Portos das infraestructuras sobre as que ten competencias e quixo atribuílo ao "descoñecemento" non a "desinterese".

O deputado nacionalista fíxose eco durante a súa intervención dunha realidade denunciada polos propios afectados e que ten a ver coa imposibilidade de entrar no porto con maré baixa, como consecuencia da acumulación de fangos.

Lobeira asegurou que en ocasións distintas embarcacións de marisqueo a flote tiveron que agardar horas para poder acceder ás instalacións portuarias pola falta de dragaxe e amosou unhas fotografías remitidas pola Confraría que demostran os problemas denunciados polo deputado e que Durán Hermida negou.

O parlamentar do BNG advertiu de que estas dificultades están tendo consecuencias negativas tamén para a lonxa conxunta das tres confrarías, pois non poden comezar coa subasta de marisco e peixe pola demora dos barcos en chegar.

Para Lobeira, as medidas que se deben adoptar non son "as obras do Escorial", ironizou, non precisan de "moitos estudos, só é necesario facelas".

O deputado nacionalista lembrou que en dous anos e medio -dende a data de rexistro da iniciativa, que até o de agora nunca fora respondida- Portos de Galicia debiera ter dado xa algunha resposta, non obstante valorou a súa vontade de reunirse coas confrarías para coñecer a situación e mirar de darlle unha resposta.

Na mesma liña de demanda de solucións para o porto de Campelo, o BNG vén de presentar unha moción no Concello.



## Soutomaior

### O BNG esixe a redacción dun PXOM

En xullo do 2002, o goberno do PP aprobaba en Pleno, cos votos en contra do BNG, o proxecto de ampliación da casa do concello. A obra íase levar a cabo nunha parcela que constaba como zona verde e na que non estaba permitido obrar, e o proxecto contemplaba unha cuberta plana.

As Normas Subsidiarias do Concello de Soutomaior imponen que os tellados deben ser obrigatoriamente a dúas ou a catro augas, polo que, evidentemente, a ampliación do concello, igual que o velatorio municipal, foi, dende o seu comezo, unha obra ilegal.

Como solución, en lugar de acelerar a redación dun novo PXOM, Agustín Reguera e o seu equipo de goberno preferiron cambiar puntualmente as Normas. Pero fixérono moito despois de aprobar e comezar as obras.

Os mesmos que deberían dar exemplo ante a veciñanza non dubidan en ser os primeiros en cometer ilegalidades. Con que autoridade vai pretender o PP que os veciños e veciñas de Soutomaior cumpran coas normas urbanísticas?

O pasado mes de xuño, despois de máis de 10 anos de cambios, ampliacións e variacións orzamentarias, aínda se aprobou "provisionalmente" a modificación puntual das Normas que finalmente servirá para legalizar a ampliación do concello.

E mentras, o resto dos mortais seguimos sen saber nada do novo PXOM que permitiría ordenar o crecemento do noso municipio.

Este tipo de políticas irresponsábeis son as que levan a moitos Concellos á bancarrota. E aquí temos un exemplo recente no Barrio do Conde, litixio que polo momento gañaron os veciños, e xa veremos como remata e canto nos custa. Pero claro, ao señor alcalde non lle doen prendas porque sabe que non será a conta do seu patrimonio, senón do de "Juan Pueblo".



**A ampliación do  
Concello segue a  
ser ilegal 10 anos  
despois do seu  
comezo**



## Cotobade

### O BNG califica o primeiro ano do goberno do PP no Concello como un ano perdido

O primeiro ano de goberno municipal do PP non supuxo ningún avance salientábel para o conxunto dos veciños e veciñas de Cotobade.

Cotobade é un concello cunha poboación moi dispersa e envellecida e cun forte crecemento vexetativo negativo. Para o BNG é prioritario a posta en marcha de políticas que fagan fronte á despoboación que padecemos. Neste sentido é fundamental aplicar cambios urgentes nas políticas estruturais que promovan o asentamento coa consolidación de servizos básicos, tan esmorecidos na actualidade por mor das duras medidas aplicadas polos gobernos galego e central, tales coma o Centro de Día ou mesmo o Centro Médico de Carballedo, dos cales non hai perspectivas de que vexan a luz en Cotobade.

Por outro lado, para o BNG considera urgente o Parque Empresarial de Cotobade e insta ao alcalde a que xestione con máxima prioridade este proxecto, xa que o desemprego é un verdadeiro drama social no noso concello, con 500 persoas no paro.

O BNG destaca a boa nova do desbotamento do proxecto de Canteira en Borela, máis quedan todavía dous en marcha, que perxudican os intereses veciñais, como o proxecto Covas, en Tenorio, onde o perigo para o suministro de auga e o forte impacto medioambiental, fan que sexan unha ameaza para o equilibrio no benestar veciñal. O BNG seguirá a manter unha oposición firme, presionando en todos os ámbitos (desde o social ao parlamentar) para se desboten tamén os dous proxectos de canteiras que aínda están en pé.

O BNG insta ao alcalde de Cotobade a traballar arreo na defensa dos intereses dos veciños e veciñas.



Alberto Nogueira, Anxo Santomé e Xosé Riveiro durante a comparecencia de prensa de valoración do primeiro ano

## Pontevedra

### ■ XX Festival Internacional de Jazz e Blues

Continúa o Festival Internacional de Jazz e Blues de Pontevedra, que cumpre 20 anos de existencia, e reúne en Pontevedra a algún dos mellores intérpretes actuais de Jazz e Blues.

Os concertos terán lugar ás **20:30 h. na Praza da Ferraría**

#### VENRES 20

##### Sharrie Willians

Co mellor estilo de voz apaixonada e desgarrada, chega esta cantante de blues, recentemente recoñecida co premio de L'Academie du Jazz en París, e coas dúas candidaturas para os Blues Awards en EEUU.



#### SÁBADO 21

##### Keb'Mo'

Gañador en tres ocasións do premio Grammy ao mellor disco de blues contemporáneo, Keb'Mo' foi un dos elixidos recentemente para a reunión do presidente de EEUU coa elite do blues actual. Estamos ante unha figura consagrada que nos presentará o seu magnífico último disco, un traballo difícil de classificar, no que Keb'Mo', en plena madurez creativa, leva ao máis alto o seu estilo tan persoal



#### DOMINGO 22

##### Ninety Miles con Stefon Harris, Nicholas Payton e David Sánchez

O proxecto Ninety Miles (a distancia entre EEUU e Cuba) reuníu a músicos dos dous países, e cristalizou na gravación dun magnífico disco, co mesmo título. Nesta xira, Chistian Scott, é substituído por todo un luxo: Nicholas Payton.



## Cantos de Taberna

O venres 27 de xullo a partir das 21 h. continúan os cantos de taberna polas tabernas do centro histórico de Pontevedra. Nesta ocasión os grupos Os Sustos de Couso e Maravallada actúan en tabernas das prazas da Peregrina, A Leña e A Verdura.

## Festixeve

### Campo do Vilar de Fragoso. Santo André de Xeve

#### Sábado 28 de xullo.

A partir das 20:30 h. actuacións dos grupos Banda da Balbina, Festicultores Troupe, Os sadomusiquistas e Compañía do Ruído.

#### Domingo 29 de xullo.

A partir das 17 h. xogos populares e ás 20 h. concerto de Pesdelán. Fin de festa con Os Encerellados de Campo Lameiro

## 15 Bolos

### 30 xullo-3 agosto.

15 bolos é a aposta do Concello de Pontevedra pola música galega de base.

As prazas da Verdura e do Teucro acollerán as actuacións de 10 dos grupos que utilizan o local de ensaio de Pontevedra.

## Festigal

A partir das 23 h. no Campus Sul de Compostela do martes 24 comeza co campus sul de Santiago de Compostela o Festigal, dous días de música, letras, ideas... organizado pola Fundación Galiza Sempre e Galiza Nova. Dada a amplitude do programa, que podes consultar en <http://www.festigal.com/>, reproducimos aquí unicamente os concertos.

### MARTES 24

#### Ataque Escampe

Unha banda que practica, en galego, o “do it yourself” máis brutal, poético e desvergonzado que poida caber nun formato maioritariamente acústico.

#### Banda Qrebinsky

A “Banda Crebinsky” lanza o seu segundo traballo, no que se misturan influencias das musicas galega, balcánica, rusa, francesa ou italiana.

#### La Phaze

Unha das bandas francesas do momento en xira de presentación do novo album: Psalms & Revolution. O seu directo é unha increíble descarga enerxética de reggae e punk con demolidoras bases electrónicas.

#### Zënzar

Unha lenda do rock en galego. 23 anos de concertos integramente en galego e cun discurso sen medias tintas... abríndose pouco a pouco a outros ritmos e colaboracións, pero sen perder nunca os seus sinais de identidade: rock en galego.

### DOMINGO 25

#### De outra margem

De Outra Margem, probable ausente nos grandes auditorios, non citado nos grandes medios, descoñecido nas revistas que marcan as modas. Máis está cientificamente comprobado que a xente que comparte a música con eles e elas, sae un pouco máis feliz. Para que é a música, se non?

#### aCadaCanto

Urdime dun cesto que garda músicas compartidas dende hai tempo. Guadi Galego, Xabier Díaz, Guillermo Fernández e Xosé Lois Romero, ou como os viaxeiros ás veces tropezan na encrucillada.

#### Sés

Despois de máis de 30 concertos co grupo por toda Galicia Sés publica en 2011 ‘Admirando a condición’, o seu primeiro disco, un proxecto 100% en galego e 100% en feminino.

#### Terbutalina

A medio camiño entre o rock de garaxe, o punk e outros sons mesturan nos seus concertos diversión, velocidade e empanada



### Sábado 28 de xullo.

Ás 12 h. inauguración da Festa da Ameixa na **Praza da Granxa de Campelo**, e ás 12:30 h. apertura da carpa de degustación.

Haberá actuacións musicais ao longo do día que rematarán ás **23 h. cun concerto de A Roda.**

### Domingo 29 de xullo.

Ás 12 ábrese a carpa de degustación e ás **19 h. terá lugar o IX Certame de Bandas de Gaitas.**



**Rescata os teus dereitos  
En BLOQUE, PODEMOS !**



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)  
[facebook.com/bloquenacionalistagalego](https://facebook.com/bloquenacionalistagalego)  
[twitter.com/abloque](https://twitter.com/abloque)

**MANIFESTACIÓN ás 12 da mañá na Alameda  
de Santiago de Compostela**